

07

Ser o que un é ata o fin: o individualismo na Xeración Nós e na obra de Manoel Antonio

Rodrigo Herrera Alfaya

Universidade de Vigo / Universität Potsdam

Resumo_ A cuestión sobre o sentido do individualismo foi tratada de forma implícita polo pensamento galego durante o inicio do século XX. Manuel Antonio e a Xeración Nós exploraron a utilidade e os límites do individuo como eixo das súas empresas artísticas e políticas. Este artigo pretende facer unha revisión comparatística do xeito en que a individualidade foi conceptualizada polo poeta e polo grupo durante as primeiras tres décadas do século. Para iso, propónse unha lectura de textos canónicos e fundacionais da Xeración, así como da correspondencia e prosa de Manuel Antonio. A tese central do estudo defenderá que a Xeración Nós propuxo unha idea do individuo fundada na súa función afectiva e performativa, mentres que o poeta optaría por asumir a individualidade como unha potencia estética que motivaría unha experiencia de indeterminación.

Palabras chave_ individualismo; Xeración Nós; Manuel Antonio; prosa galega; colectividade.

Sumario_ 1. Introducción. 2. Nós: unha actitude de época. 2.1. O individualismo conformador de Nós. 3. O indeterminismo individual de Manuel Antonio. 4. Conclusións. Referencias bibliográficas.

To Be What One Is Until the End: Individualism in the Xeración Nós and in the Work of Manoel Antonio

Abstract_ The question of the meaning of individualism was implicitly addressed by Galician thought during the early 20th century. Manuel Antonio and the Xeración Nós explored the usefulness and limits of the individual as the core of their artistic and political endeavors. This article aims to provide a comparative review of how individuality was conceptualized by the poet and by the group during the first three decades of the century. To this end, a reading of canonical and foundational texts of the Xeración is proposed, as well as Manuel Antonio's correspondence and prose. The central thesis of the study will argue that the Xeración Nós proposed an idea of the individual based on their affective and performative function, whereas the poet would opt to embrace individuality as an aesthetic potency that would motivate an experience of indeterminacy.

Keywords_ individualism; Xeración Nós; Manuel Antonio; Galician prose; collectivity.

Contents_ 1. Introduction. 2. Nós: An Attitude of the Era. 2.1. The Shaping Individualism of Nós. 3. The Individual Indeterminism of Manuel Antonio. 4. Conclusions. References.

[...] hémoslle decir que temol-a evidencia de sermol-os millores, os mais doados, os mais fortes; de que todas-as forzas do espírito están conosco, de que imos trunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden. (“Primeiras verbas”, 1920: 2)

1.

Introdución

O presente artigo analiza o modo en que Manuel Antonio e a Xeración Nós abordaron a cuestión do individualismo durante as primeiras décadas do século XX. Partimos de que o sentido da colectividade foi un tema importante durante o período e, consecuentemente, impulsou un debate implícito sobre o valor do individuo e a pertinencia do individualismo. A principal prioridade deste texto é facer unha reconstrución das discusións que acompañaron os primeiros anos da revista *Nós* a través dos seus textos canónicos. E, de forma simultánea, procurar revisar a correspondencia e a obra en prosa de Manuel Antonio, recollendo non só algunhas obras inéditas, senón dedicando especial importancia ao manifesto *Máis Alá!* (1922). O obxectivo principal deste estudo é atopar relacións explícitas ou implícitas entre o discurso do poeta e o grupo ourensán de intelectuais. En moitos casos, os antagonismos e simpatías entre ambas realidades son evidentes e, en moito outros, son apenas suxestións.

A hipótese inicial é que existiu unha diverxencia evidente, pero non reconstruída aínda, sobre a cuestión do individuo nas primeiras décadas do século XX en Galicia. Suponse que Manuel Antonio podía representar unha idea da individualidade afincada exclusivamente na creación estética, mentres que a Xeración Nós optaría por estimar un individualismo letrado cunha función exclusivamente divulgativa. En ambos os dous casos, estas ideas deberían coexistir e operar no marco dun proxecto colectivo. Así, o método de traballo que se procurou neste artigo se fundamentou nunha lectura comparativa de textos canónicos que funcionaron como manifestos ou declaracións de intencións. A selección destas obras breves non é arbitraria, xa que nesa prosa declarativa son visibles os problemas derivados da conformación dun “nós” común e un “eu” conflictivo. Trala lectura deste material, fíxose unha avaliación do pensamento crítico que acompañou a reflexión sobre Manuel Antonio e a Xeración Nós en décadas posteriores. Despois da revisión do material crítico, realizouse unha lectura comparativa que toma como referencia algúns supostos teóricos contemporáneos que permitiron dar sentido ao valor afectivo e realizativo dalgúns ideas sobre a colectividade e o individualismo.

2.

Nós: unha actitude de época

Na historiografía da literatura nacional, a aparición de *Nós: boletín mensual da cultura galega* (1920) permitiu que se dese nome a un conxunto de suxeitos involucrados nun proxecto común. Deste modo, Anxo Tarrío recoñece a publicación como o indicador dun paradigma epocal amplo e refírese así a unha Época Nós (Tarrío Varela, 1998: 200) e non só a un Grupo Nós. Isto pode reafirmar a idea de que non se trata só dun movemento literario autónomo, senón dunha actitude histórica compartida por un conxunto de individuos que non se reduce a un grupo limitado de autoras ou autores.

Esta idea dun “nós” que non se limita a un conxunto pechado, senón que toma forma a partir dunha actitude intelectual común, é visible nos primeiros números da revista. Por exemplo, respecto das publicacións temperás de *Nós*, Carvalho Calero comenta que se atopaban autoras e autores con “elementos ‘galeguizantes’, da escola ‘celto-ibérica’ ou ‘hispano-galega’, que tratan, sempre en castelán, temas, às veces, galegos” (Carvalho

Calero, 2019: 634). En consecuencia, os inicio de *Nós* parecen non presentar unha liña editorial excluín-te, mesmo con autoras ou autores que observaban e escribían sobre a cultura galega con certa distancia como o mesmo Wenceslao Fernández Flórez. Polo tanto, como recoñece Baliñas, a Xeración Nós non xurdiu dun consenso ideolóxico (Baliñas Fernández, 2000: 309) e isto é moi claro no inicio da publicación. O mesmo Carvalho Calero dá conta de que só tardiamente a publicación adoptaría un carácter literario e científico con ánimo de uniformidade (Carvalho Calero, 2019: 635). Esta actitude non fuxía da identificación estética individual, senón que, baixo certas condicións, era capaz de amalgamala.

Simultaneamente, esta actitude histórica tiña a vontade de superar un certo carácter provinciano. Nesa medida non se resistía a atopar formas de homologación exterior, senón todo o contrario, pois “foi o vehículo de superación definitiva do isolamento aldeán da Galicia literaria” (Carvalho Calero, 2019: 636). Consecuentemente, non se tratou dun “nós” pechado sobre si, que só atopa respostas no seu propio exercicio reflexivo, senón que tamén buscou formas de equivalencia que lle permitisen situarse no mesmo nivel que outros grupos e procesos históricos. Así, a idea dun “nós” que operase de forma especular con Europa, foi prioritario para a Xeración e, consecuentemente, houbo unha vocación de modernidade e suposta universalidade nas prácticas literarias e culturais (Tarrío Varela, 1998: 201). Esta especie de busca foi comentada e rexistrada por historiadores como Fernández del Riego, quen recoñece que o grupo Nós “coñeceu as manifestacións que, co futurismo, o dadaísmo, o ultraísmo e outros ismos andaban a prosperar en Europa” (Fernández del Riego, 1995: 33)¹. O mesmo sucede coas traducións e recensións de obras estranxeiras que acompañaron a *Nós* durante os seus 144 números.

Por outra banda, alén de procurar vencellos fóra do territorio, este “nós” tamén optou por xestionar a aparición dun conxunto de lectoras e lectores cun novo imaxinario común. Como indica Carme Fernández Pérez-Sanjulián, as elites nacionalistas galegas tiveron o obxectivo central de construír unha identidade nacional vencellada coa “criación dunha conciencia colectiva” (2003: 76). Por exemplo, priorizouse o uso da prosa –ata este momento unha forma pouco relevante na tradición– e motivouse a aparición do personaxe “transeúnte, de ámbitos urbanos” (Tarrío Varela, 1998: 215) na expresión literaria. Parece así que considerar a idea dun “nós” plenamente rural non era aquilo que esta actitude pretendía, senón, en todo caso, valorar un xeito de pensar que se fundase principalmente desde as urbes atlánticas. Noutras palabras, a idea dun “nós” que estivese formado pola nova clase intelectual que xa non formaba parte do Antigo Réxime e que era capaz de recoñecer e defender a súa propia expresión autónoma.

Agora ben, aínda identificando estas consideracións, resulta inxenuo non recoñecer a forte dimensión nacionalista da Xeración e da publicación. Como sinala Carlos Baliñas, a relación entre a Xeración Nós e o nacionalismo é evidente (Baliñas Fernández, 2000: 355) e non é preciso agora repasar esa ligazón estreita. Non entanto, ao conceptualizar o “nós” como unha actitude de época e non como a marca dun suposto esencialismo cultural, podemos observar que o nacionalismo de Nós posuía as súas propias diverxencias, por exemplo, ao respecto da disputa entre fascismo e comunismo durante os anos vinte (Baliñas Fernández, 2000: 312). Deste modo, aínda recoñecendo que o nacionalismo foi unha das bases do movemento e ocasionou un certo entusiasmo político (Tarrío Varela, 1998: 200), a Xeración Nós presenta certa heteroxeneidade interna. Asemade, a Xeración procurou identificarse cunha actitude de amplitude, ben polo seu carácter cosmopolita, ben pola súa singular consideración sobre a expresión individual.

1 Como documenta Axeitos, no caso de Risco, a súa relación cos movementos de vangarda mantivo, durante certo tempo, unha actitude ambivalente. Para 1933, Risco celebra “o espírito negador da vangarda porque tamén expresa o carácter decadente da cultura e aínda estaba oculto o lado visionario, o papel crítico e de compromiso dos *ísmos*” (Axeitos, 1997: 16). Esta distinción non só ofrece información sobre Risco, senón tamén sobre o dobre carácter das vangardas, pois, ao mesmo tempo que expresan certo carácter negativo coa tradición, tamén manteñen un compromiso explícito coa vida social.

2.1. O individualismo conformador de Nós

Unha vez considerada a proposta epocal de Tarrío, que permite entender a apertura e a heteroxeneidade interna do concepto “nós” no inicio do século, convén explorar as particularidades desta actitude histórica e o importante papel que as posicións individualistas tiveron neste proceso. En primeiro lugar, é necesario considerar que a revista non foi só un complemento desta experiencia cultural, senón que tamén funcionou como cristalización deste movemento histórico e, de feito, outorgoulle un nome. A idea de que esta publicación levase como título “nós”, forma da segunda persoa do plural, é descrita por Carvalho Calero:

Castelao ostentou o título de director artístico de *Nós*, deseñou as tapas da revista e dou nome á mesma, pois ese nome *Nós*, con que a revista aparece, é xustamente o nome do álbum de deseños de Castelao esposto en 1918. Fora o propio Castelao o que impuxo o nome á revista, fora Risco como homenaxe a Castelao, ou fora calquera outro dos animadores da publicación, o certo é que o nome da mesma a Castelao se remonta. (Carvalho Calero, 2019: 633)

Este comentario, recollido no seu proxecto da historia literaria xeral en Galicia, é útil porque demostra a dificultade que supón identificar a motivación concreta do título e suxire que os precedentes son os traballos previos do propio Castelao. Unha cuestión que se confirma nunha edición excepcional publicada en 1970, na que Filgueira Valverde lembra que a publicación foi herdeira da sección publicada en 1918 no xornal *El Noroeste* que levaba como título “Nós. Páxina galegas do diario da Cruña El Noroeste” (Valverde Filgueira, 1970: 33) e que fora deseñada polo artista rianxeiro.

A aparición do nome da publicación resulta relevante porque expresa un chamamento colectivo e anticipa a idea dun “nós” que amalgama o horizonte común que se comezaba a instalar nunha parte importante dos intelectuais galegos. Como recoñece Baliñas, dous textos estaban a dar forma ao sentido colectivo desta xeración: *Nuestra afirmación regional* (Ramón Villar Ponte, 1916) e *Teoría do nacionalismo galego* (Vicente Risco, 1920) (Baliñas Fernández, 2000: 309). O primeiro deles estaba asociado co xurdimento das Irmandades da Fala e o segundo fundamentaría o inicio dun ambicioso programa nacional. Así e todo, a intención de definir e defender ese “nós” consolidaríase na xeración anos máis tarde nun texto canónico, “Nós, os inadaptados” (1933):

Eramos singelamente *individualistas* [...]. Moral individualista, viña ser no fondo a moral do culto do eu, pouco enantes padricada por Maurice Barrés. Todo nos estaba permitido non sendo infidelidade ao propio eu, todo esente unha traición á propia personalidade, todo quitando un devecemento do individuo. A régula suprema era ser o qu'un é deica o fin. (Risco, 1933: 118)

Xa que logo, para Risco, o “nós” trataríase, ante todo, dun programa moral, un modo especial de obrar, que non é oposto ao individualismo. Risco é explícito neste fragmento ao identificar un individualismo que pretende un culto á personalidade autónoma. Describe un suxeito que, no marco da modernidade, buscaría un modo de preservar a súa propia autonomía racional. Pois, tal é como afirma Habermas, a modernidade tivo a capacidade de volver ao suxeito obxecto de si mesmo (1993: 42) e, nesa medida, Risco parece facer unha defensa dese principio. Se desde o inicio do século o suxeito autónomo foi obxecto de crítica –ben desde a psicanálise, ben desde a fenomenoloxía–, a posición de Risco no só parece defender un suxeito integral, senón que busca consideralo un eixo do seu propio proxecto. Deste xeito, para o autor, o eu sería a única entidade a quen lle deben unha especial consideración moral. Non obstante, como indica Victorino Pérez, este criterio tería o seu fundamento nunha “moral de caste”, só para os espirituais, uns poucos homes da escala social” (Pérez Prieto, 1988: 33). Unha opinión similar tamén a expresou Salvador Lorenzana, pois, segundo o autor, estes homes “coidan que a base das “élites” é como se ten de espertar a conciencia adurmida do país, reconstituída a súa tradición” (Lorenzana, 1965: 80). Así, este individualismo da Xeración busca preservar un individuo cuxo

centro sería unha identidade fundamentalmente intelectual e capaz de construír un proxecto común.

A importancia que tivo a figura dos intelectuais resulta clave para explorar o papel do individualismo na Xeración Nós. Como recoñece Antón Capelán, o liderado da clase intelectual no movemento nacionalista é unha singularidade e evidenciaría o seu fracaso como movemento de masas e a carencia dunha burguesía comercial en Galicia (Capelán, 94: 231)². A relación que a Xeración Nós mantivo coa sociedade masificada é reveladora para o conxunto da nosa reflexión. Villares, por exemplo, describe un ambiente de época que se vertebraría a partir de dúas condicións: a aparición duna sociedade masificada e a desconfianza na política parlamentaria (2007: 17). Este rexeitamento e desconfianza na sociedade de masas, amplamente estendida a finais do século XIX e inicios de século XX a través da obra de Spengler e certas lecturas de Nietzsche, sería acollida pola Xeración Nós con fecundo interese (Villares 2007: 27). A idea dunha aristocracia intelectual capaz de cumprir un papel na traxectoria política do territorio converteuse nunha prioridade. Con todo, isto non resultaría unha operación sinxela, pois a conformación da anhelada nación depende dun conxunto amplo de suxeitos, xa que é un proceso que necesariamente involucra a experiencia pública. Nese sentido, como indica Carme Fernández Pérez-Sanjulián, alén de se dirixir a una elite ilustrada, a Xeración Nós tivo tamén a responsabilidade de buscar a “ampliación do núcleo receptor” (2003: 71). Esta consideración anticipou unha conciliación necesaria para a Xeración: consolidar un individuo letrado e posteriormente establecer un vencello co conxunto social.

O modo en que a Xeración Nós puido relacionarse coa vida colectiva foi a través dunha excepcionalidade observada por Ramón Villares: os campesiños, ante os ollos dos intelectuais, non serían conceptualizados como o equivalente da masa urbana, senón que serían suxeitos agrupados en “células vitais, como a aldea e a parroquia” (Villares, 2007: 33-34). O filisteo europeo propio da nova burguesía non coincidiría co campesiño galego, cuxa vida aínda conserva trazos comunais e non estaría absorbida pola masificacións urbanas. Así, atopan a súa conciliación dous *ethos*: o colectivo e o individual. Como se o segundo fose unha condición necesaria para a consolidación do primeiro. Un “nós” que non pretendería limitar a autonomía intelectual e artística dunha elite, senón que necesitaría da súa presenza para dar sentido á unha posible experiencia colectiva.

Deste modo, como describe Victorino Pérez, pasaríase dun individualismo restrinxido cara a un individualismo posibilitante do colectivo cunha vontade transformadora –non introvertida– que se aglutinaría en forma dunha agrupación política comprometida coa súa terra (Pérez Prieto, 1988: 36). Isto significou o paso dun individualismo reaccionario a un individualismo letrado, pero comprometido coas singularidades culturais do territorio. Aquilo permite tamén asumir un “nós” amplísimo que autoriza, por exemplo, “unha irmandade ou fraternidade supraxeracional que nin antes de 1916 nin despois da Guerra Civil é doado atopar en Galicia” (Tarrío Varela, 1998: 200). Este “nós” aberto e suxeito á fidelidade do individuo letrado e autónomo descrito nas palabras de 1933, axuda a interpretar a primeira declaración impresa da revista *Nós*:

Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas [...] con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da raza, o desexo colectivo de superación, a orgullosa satisfacción de seren galego. (“Primeiras verbas”, 1920: 1)

Estas primeiras palabras destacan un aspecto que ata agora non comentamos e que resulta case obvio: o “nós” fundaméntase nunha actitude compartida, cuxo centro é a confirmación dunha individualidade letrada, pero que, ao mesmo tempo, debe ser capaz de habitar un estado afectivo que se expresaría a través da súa

2 O chamado “fracaso” da Xeración como movemento de masas non está libre de polémica. Pérez-Sanjulián defende que os resultados electorais do Partido Galeguista ata 1936 demostrarían unha acollida popular que se oporía a unha vontade exclusivamente elitista (2003: 70). Con todo, conviría avaliar se a acollida electoral necesariamente representa unha asimilación ideolóxica.

práctica cultural e política. Nas palabras da pensadora Sara Ahmed, este individuo letrado debería participar nunha “economía afectiva” (Ahmed, 2017: 80) na que o amor se despraza en varias figuras: a terra, a lingua, a suposta “raza”. Nestas “Primeiras verbas”, a Xeración reconece que a vontade identitaria é insuficiente, porque, ante todo, é precisa a expresión dun “sentimento da Terra”. Unha vez máis, antes do recoñecemento da identidade cultural como eixo común, hai un culto pola construción dunha autonomía afectiva e racional que sirva para conformar unha elite. Asumir que o “nós” é equivalente á galegidade non permite identificar este singular culto ao sentimentalismo individualista.

Sumado a este valor afectivo, no texto de 1933, Vicente Risco chama a atención sobre unha mudanza de especial singularidade:

Non hai mais que ver o diferente sinificado qu’agora e entón ten e tiña a verba *nós*. Can’un do meu tempo dicía *nós*, se non refería endexaia aos da súa geración, nen aos da súa clas; referíase de cote a un pequeno agrupamento identificado no pensa ou no facer, a unha escola, a unha capela, a un cenáculo [...] En troques cand’un mozo d’agora di *nós*, refírese as mais das veces ao do seu tempo e a súa geración. (Risco, 1933: 118)

Para Risco, a comprensión do “nós” mudou desde os primeiros números da revista: o novo “nós” alude a un grupo máis amplo e tamén indica un presente compartido e disposto para a transformación. Así, convén recoñecer que a Xeración Nós participou activamente nun proceso de reorganización conceptual, que, sen dúbida, afectou na comprensión dunha colectividade. Para Baliñas Fernández, a xeración tivo a intención de levar a cabo un proceso de transición entre varios grupos conceptuais, que poden esquematizarse do seguinte xeito:

- dunha fala, unha lingua
- dunha poboación, un pobo
- dun territorio, unha Terra
- dun pasado, unha Tradición e mais unha Historia
- dun folklore, unha cultura. (Baliñas Fernández, 2000: 312)

A idea de que a Xeración Nós se presentase como unha condición para mudar certos principios colectivos, aparece mesmo nun pequeno fragmento de Otero Pedrayo: “*Nós* foi cumprimento, pero aínda máis programa” (Pedrayo Otero, 1970: 47). Como defende Carme Fernández Pérez-Sanjulián, os lectores aos que se dirixía Pedrayo eran significativamente reducidos e restrinxidos, pero con importancia desde “o punto de vista cualitativo”, pois, o obxectivo final sería “formar unha nova elite” capaz de levar a cabo un tarefa divulgativa e pedagóxica destacable (2003: 222). Por conseguinte, a idea de que *Nós* se reduce a unha publicación de interese cultural para a clase letrada significa non atender nin a perspectiva de Baliñas, nin a declaración de Pedrayo, pois ambas as dúas identifican a dimensión realizativa da publicación e do propio grupo. O “nós” da Xeración non necesariamente estaba feito, senón que precisaba dun programa para se facer. Así, había neles tanto unha intención expositiva, como unha vontade fundacional ou constitutiva dun tipo de subxectividade asociada a un novo “nós”. Presentaríase así como un proxecto que pretendía mobilizar determinada economía afectiva a través de certos individuos cara á conformación dun conxunto común.

A concepción de que a literatura ten unha función realizativa ou performativa non é nova nos estudos literarios (Culler, 2014: 117) e, en moitos casos, trátase xa dun consenso teórico entre diferentes pensadores e pensadoras. Aínda que o obxectivo deste traballo non é afondar neste conxunto de principios teóricos, si convén recuperar, polo menos, algunhas ideas xerais que posibiliten pensar o efecto performativo que as publicacións e actividade da Xeración Nós mantiveron. Por exemplo, para Barthes, o discurso da historia e a obra literaria poden participar dun exercicio performativo en determinados casos:

El discurso de la historia en general conoce dos formas de inauguración: en primer lugar, lo que se podría llamar la apertura performativa, pues la palabra en este caso es realmente un acto de fundación solemne; su modelo es poético, es el yo canto de los poetas. (Barthes, 1994: 166)

Neste breve fragmento, o pensador francés considera que as formas literarias son capaces de construír actos fundacionais. Posteriormente, recoñece que isto pasa por empregar determinadas estratexias retóricas que aludan a ese exercicio de constitución. De xeito moi similar, na *Orde do discurso* (1970), Foucault insiste nun retorno ao carácter de acontecemento do discurso (Foucault, 2005: 51). Ambos os dous autores son útiles para recoñecer que a vontade da xeración estaba nese retorno ao acontecemento: converter as palabras nunha identidade común. Aquela que, como revisamos anteriormente, partise dun compromiso afectivo individual para exercer unha forma de performatividade.

Nese proceso, a Xeración Nós sería consciente de que a prosa era unha forma do discurso que permitiría obrar nesta empresa das clases letradas, pero tamén optou por obras narrativas que permitisen participar dese proceso. O exemplo máis evidente é *Arredor de si* (1930), cuxa importancia foi recoñecida por Risco ao designala como unha autobiográfica colectiva (Risco, 1933: 122). A novela non describe un intelectual, senón que busca crealo. O “si” de *Arredor de si* (1930) é colectivo e busca a forma de auto-constituírse, de recoñecerse como grupo intelectual e como entidade compartida. A Xeración Nós atopa un xeito de unificar as individualidades nunha mesma racionalidade autónoma que toma a forma dunha figura ficticia: Adrián Solovio.

Con esta novela, a Xeración Nós “constrúe” culturalmente un tipo de suxeito que, ata ese momento, non adoptaba unha actitude colectiva compartida. Villares considera que Solovio resulta “especialmente dependente desa colectividade” (2007: 41) e isto é unha marca diferencial con outras novelas de xéneros similares; asumindo así que o protagonista non é un individuo concreto, senón a personalidade epocal dun colectivo. Un individuo que no exercicio da súa propia traxectoria descobre un singular afecto polo propio, o cal serve para construír unha idea do común.

Aínda que a importancia desta vontade performativa a través do individualismo tivo froitos destacables –moitos deles apareceron no exilio–, tamén é verdade que existiron outros exercicios alternativos, como é o caso do individualismo na obra de Manuel Antonio.

3.

O indeterminismo individual de Manuel Antonio

Apenas dous anos despois do primeiro número de *Nós*, o mozo Manuel Antonio publica, xunto con Álvaro Cebreiro, o manifesto *Máis ala!* (1922), obra breve na que se presenta a súa posición sobre a individualidade e o sentido da colectividade no seu proxecto estético. No marco dunha disputa interna dentro das Irmandades da Fala, o novel poeta publica un texto que, entre outros temas, parece dialogar coa cuestión da autonomía individual. O efecto que estas posturas tiveron no núcleo da Xeración Nós non son evidentes, pero, nos anos posteriores, Manuel Antonio non atoparía espazo na revista *Nós* e optará por publicar nalgúns outros medios de circulación en Galicia. A idea dunha oposición entre Manuel Antonio e a Xeración Nós é moi suxerinte, pero convén tratala con especial coidado. O que interesa aquí é revisar o xeito en que a escrita de Manuel Antonio propuxo un modelo de subxectivación individualista distinto, pero non necesariamente oposto ao que se pode identificar na Xeración Nós.

Verbo das condicións de produción do manifesto, é preciso recoñecer o constante debate intelectual que, durante a segunda década do século, confrontou os novos mozos vangardistas –Rafael Dieste, Amador Villar, Manuel Antonio, Carlos Maside, Bal y Gay– cos grupos que se construíron ao redor das Irmandades da Fala e o Grupo Nós (Axeitos, 1997: 9). Os antagonismos que mantiveron ambos os dous colectivos involucraron diferentes temas, pero, para a nosa análise, convén recoñecer un: a autonomía da práctica artística. Mentres que Risco insistía na consideración dunha arte propia da experiencia individual que funcionase como a “representación dun estado da alma, dun sentimento que se fai imaxe e se traduce en forma” (Axeitos, 1997:15), os novos artistas apelaban a unha práctica artística que dialogase cun nacente proletariado. De xeito sintético, nun breve artigo publicado en *El Pueblo Gallego*, Díaz Fernández alude a unha arte que non careza substancia social e que colabore coa “conciencia de la vida y en la dinámica de la Historia sin proponérselo siquiera” (1928: 9)³. Asumidas estas diferenzas, non resulta extraordinario que o progresivo abandono do galeguismo na nova xeración fose unha resposta ao galeguismo reaccionario asumido polos maiores (Axeitos, 1997: 47).

Aínda nestas circunstancias, convén lembrar que Manuel Antonio e Risco mantiveron un amable contacto epistolar en 1919 e compartiron preocupacións propias da realidade galega: “A súa resposta sintética e quente, afincounos máis n’a idea d’unha civilización galega de significación universal” (Manuel Antonio, 1979: 54). Esta carta, coa que Manuel Antonio e Rafael Dieste responden a Risco, parece expresar simpatía e, sobre todo, un certo parentesco ideolóxico naquilo relacionado co proxecto nacionalista galego. Manuel Antonio non foi alleo á discusión sobre o rexionalismo e o nacionalismo propio do territorio e, de feito, como documenta Xosé Luís Axeitos, a escrita do manifesto estivo marcada polas exixencias e procuras de Antón Vilar Ponte (Axeitos, 1992: 26). A influencia do fundador das Irmandades da Fala no manifesto explicaría as constantes atribucións que se fixeron a este personaxe trala publicación. Polo tanto, en ningún momento, o manifesto pasaría a ser un panfleto antinacionalista, e basta con atender a súa defensa explícita sobre a lingua para comprobalo (Manuel Antonio, 2012a: 141). Posteriormente, o poeta expresará un distanciamento pleno do proxecto nacionalista en 1922, tras a celebración da II Asamblea Nacionalista en Vigo (Axeitos, 2012: 16).

Agora ben, é preciso identificar que o manifesto se presentou, en aparencia, como un programa estético e non como a definición dunha empresa política, pois, como sinala Raña, “o supremo ideal manuel-antoniano é absoluta liberdade creativa, non a filiación incondicional a un movemento que limite a paixón do artista” (1994: 37). Porén, non recomendamos facer unha lectura que reduza o manifesto á exposición dun conxunto de intereses estritamente literarios, pois envolve consideracións sobre o individuo que cobrarán importancia nos anos posteriores. Ademais, o propio manifesto expresa lugares comúns que coinciden cos intereses dos ensaios fundacionais da Xeración Nós. Por exemplo, no texto de Manuel Antonio hai un chamamento a unha mudanza xeracional⁴ e tamén a unha clara oposición ao imaxinario rural herdado do século XIX. Manuel Antonio expresa un interese polo enxebrismo lingüístico que coincide co primeiro número de *Nós* (“Primeiras verbas”, 1920: 1), e no caso do poeta, trataríase da creación dunha estética tamén enxebre que sirva como o primeiro “paso d’a volta a nós mesmos” (Manuel Antonio, 2012a: 137). Comparten así, ambas as dúas publicacións, un interese pola lingua non mediada pola norma académica e propia do uso. Porén, non queda claro se esta coincidencia revela obxectivos comúns, pois parece que *Nós* pretende conservar un espírito orixinal galego no enxebrismo, mentres que Manuel Antonio semella atopar unha certa forza estética na fala non normativizada.

3 Aínda que Díaz Fernández non formaba parte da nova xeración de autores galegos, recuperamos ese breve artigo por dous motivos: (1) foi publicado en *El Pueblo Gallego*, diario de referencia para os vangardistas desde 1923 e (2) Axeitos considera que a publicación dese texto ocasionou unha importante polémica posterior sobre o papel da arte na vida social en Galicia (1997: 43).

4 En “Nós, os inadaptados”, Risco lembra o conflito xeracional no proxecto galego (Risco, 1933: 115). Como se pode supoñer, a rivalidade ou a discusión entre xeracións non era pouco habitual e o propio texto de Risco debe lerse como unha resposta á disputa coa nova xeración de autores.

Agora ben, asumindo estas sutís coincidencias co grupo Nós, queda pendente revisar o xeito en que Manuel Antonio construíu unha idea de individualismo distante da perspectiva de Risco e os seus achegados. Para tal empresa, convén considerar unha carta de Manuel Antonio, do ano 1921, na que o autor destaca unha parte do seu carácter tras pasar un tempo en Vigo:

Cando che mandei a primeira carta non podía dicir n'ela mais que o que sentía estonces: unha preliminar desolazón. Agora xa non é o mesmo: botei man do meu potente individualismo (a única cousa potente que teño), e eu xa son eu e xa estou no meu sitio. (Manuel Antonio, 1979: 90)

Manuel Antonio non só describe unha parte de si mesmo nesa misiva, senón que tamén destaca a forza de dita condición. Parece, segundo as súas palabras, que é a “única cousa potente” que ten. Esta idea do individual como potencia podería estar asociada con certas formas de individualismo do século XIX. Non obstante, é probable que non atopemos lecturas asociadas co individualismo de corte stirneriano no poeta galego, aínda que no limiar da súa correspondencia, Domingo García Sabell recoñece a manifestación do seu singular anarquismo (García Sabell, 1979: 10). Como demostran algunhas cartas (Manuel Antonio, 1979: 299) e confirma Xosé Luís Axeitos (1992: 16), Manuel Antonio era un anarco-sindicalista expreso e, polo tanto, isto dificulta establecer unha relación directa con certo anarquismo individualista. No entanto, aínda considerando a posible distancia con Stirner, o autor describe explicitamente o seu interese pola lectura de Nietzsche (Manuel Antonio, 1979: 115, 1979: 239) e, como destaca Ferruccio Andolfi, Nietzsche “puede ser considerado, con todo derecho, no solo un teórico del individualismo, sino también uno de sus primeros historiadores” (1994: 19). Porén, é verdade que son citas con pouca importancia argumentativa e a influencia que tiveron en Manuel Antonio pode que non sexa clara na súa correspondencia nin sirva para explicar o individualismo do manifesto.

Xa que logo, de existir unha relación entre o individualismo e o poeta, convén retomar a lectura de Carmen Mejía, quen considera que na súa correspondencia presenta unha plena defensa da autonomía particular cando se trata de pensar no seu proxecto estético (Mejía Ruiz, 2000: 77). Esta defensa do individualismo asociado, nun primeiro momento, coa experiencia creadora atopa unha relación con Vicente Huidobro. Temos noticia do interese de Manuel Antonio no poeta chileno non só pola correspondencia de 1921 (Manuel Antonio, 1979: 76), senón tamén polo seu vencello estético, que lle asignou o título de poeta creacionista en galego. O individualismo de Huidobro aparece expresado de forma plena nunha epígrafe da primeira parte de *Vientos contrarios* (1926). Alí o poeta escribe: “Todo aquello que es cualidad en el individuo es detestable para la colectividad” (Huidobro, 1926: 25). Hai, así, un rexeitamento pleno ao ánimo colectivista que probablemente Manuel Antonio coñecería da obra do poeta chileno. Polo tanto, a tradición individualista que acompañou a Manuel Antonio non chegaría polo camiño directo da filosofía moral do século XIX, senón a través dunha conceptualización da práctica estética, que se concilia máis tarde coa súa vontade anarquistas.

O efecto deste individualismo non só se expresa nun ideal poético rupturista asociado co creacionismo, senón na consideración dun tipo de individuo. No manifesto, Manuel Antonio reclama que os novos movementos de vangarda serían pouco “respetosos, dende logo, co-a anárquica dilección individuoal” (Manuel Antonio, 2012a: 141). Polo tanto, o eu presentado por Manuel Antonio propónse como unha alternativa aberta que non pretende concretarse como o resultado dunha tradición. Cuestión que tamén aparece expresada nunha nota inédita recollida por Axeitos, na que, segundo Manuel Antonio, a arte popular sería unha “escolma feita intuitivamente n-o seo d'as creacións individuoaes, seguindo as tendencias unánimes” (Manuel Antonio, 2012b: 171). Noutras palabras, trataríase así dunha forma de individuación indeterminada que non se describe como o resultado da súa propia historia. Sería esta última a condición que lle concede pensar no individualismo como unha potencia, xa que lle permite presentar unha forma do suxeito que, en aparencia, experimenta unha autonomía alén da súa propia historicidade. Isto chega á súa versión máis evidente no propio manifesto, xa que na súa loa ao individualismo propón “desexar que a definición de cada un de nós sexa unha palabra:

o seu propio nome” (Manuel Antonio, 2012a: 143). Así, o suxeito proxectado polo autor redúcese a unha pura referencia, o seu nome propio.

Dun modo similar, en *De catro a catro* (1928), preséntase un eu poético colectivo repetido nos poemas. Un “nós” que, diferente da xeración de Risco, non se expresa como o contedor dun proxecto afectivo nin mostra parentesco xeracional (ou compromiso coa reconstrución dunha esencia colectiva). En tódolos casos, o “nós” actúa só como unha forma gramatical que non se concreta nun conxunto específico. Esta é unha cuestión moi importante, xa que mentres que a Xeración Nós pretendería construír un suxeito colectivo racional, uniforme e autónomo, Manuel Antonio sería capaz de se atrever a presentar un “nós” aberto á indeterminación. Como se pode apreciar no seguinte fragmento:

Fomos ficando sos
o Mar o barco e mais nós
Roubanron-nos o Sol
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco [...]
Fume de pipa Saudade
Noite Silenzo Frio
E ficamos nós sós
Sin o Mar e sin o barco

nós. (Manuel Antonio, 1992: 112)

Neste célebre fragmento da poética de Manuel Antonio, aínda que a persoa gramatical é “nós”, a experiencia colectiva presenta varias singularidades. Para empezar o “nós” non está definido –descoñécese quen ou que conforma ese conxunto–, como se a forma en plural non se concretase, senón que permitise un baleiro constante. Ao igual que o individuo podía reducirse ao seu propio nome, o colectivo aquí pode reducirse á súa expresión gramatical. Por tanto, como se se tratase dun exercicio contra-intuitivo, o individualismo de Manuel Antonio, que se fundamenta na potencia da indeterminación, tamén configura a súa idea de colectividade. Non se identifica unha oposición entre o colectivo e o individual, senón que se expón unha forma de expresar a autonomía, cuxa potencia radica na indeterminación. Na súa poética, Manuel Antonio propón un eu que, ao estilo de Huidobro, defende a autonomía da súa experiencia singular como unha condición para identificarse como un creador. Esta indeterminación individualista na poética de Manuel Antonio non deriva nunha posición pasiva, senón nunha forma activa vencellada coa creación estética.

A distancia que Manuel Antonio mantivo co nacionalismo despois de 1922 tamén parece expoñer unha relación cun certo principio de indeterminación, pois, segundo Axeitos recolle na súa correspondencia, o poeta rianxeiro reclama unha posición política emancipatoria do Estado (Axeitos, 2012: 17). Neste sentido, o seu divorcio da política nacionalista foi motivado por unha postura que se resiste aos imperativos do aparello estatal, como expresou nun texto inédito titulado “O Estado” (Manuel Antonio, 2012c: 209). Así, poderíamos supoñer que o individualismo indeterminista e aberto de Manuel Antonio tamén tivo un vencello cun anarquismo que confrontaba a determinación imposta polo imperativo estatal. O proxecto estético do manifesto parece anticipar a distancia política que tomará algúns anos máis tarde.

4.

Conclusiones

Deste modo, o primeiro individualismo da Xeración Nós atopou o seu fundamento na construción dun estado afectivo e nun efecto performativo cara ao territorio, mentres que o individualismo de Manuel Antonio se declara como unha potencia, cuxa virtude radica na apertura do seu significado. Ambas as dúas posturas non se presentan como antagónicas, pero si que abordan un mesmo tema: como afrontar a cuestión da colectividade galega.

Así, sería un erro, segundo este artigo, considerar que o identitarismo definiu á Xeración Nós e, por ese motivo, propónse recuperar a chamada actitude de época. Segundo a nosa proposta, o colectivismo de Nós comezou como unha actitude moral que primeiro foi quen de adoptar perspectivas sobre Galicia moi diversas. Só nos anos posteriores, a idea dunha identidade esencial e estable tomaría especial protagonismo. A publicación da revista *Nós* así como as primeiras obras do grupo non pretendían expoñer unha realidade colectiva, senón construíla e fundala. Iso explica o carácter programático e o valor performativo das primeiras manifestacións escritas, a hexemonía da prosa e a aparición de novelas iniciáticas como *Arredor de si*. Como se procura demostrar neste texto, a condición necesaria para unha tarefa constitutiva sería crear un individuo letrado, cuxa caracterización elemental fose participar nunha economía afectiva.

De forma simultánea a este proxecto, a obra de Manuel Antonio, que non abandonaba o seu vencello con Vicente Risco, alimentouse dun individualismo herdado da obra de Huidobro. Ese xesto é excepcional na nosa tradición e formou a autonomía que xa se experimentaba no manifesto *Máis ala!* Deu forma así a un eu creador que se reafirma a través da súa oposición co colectivo, como se demostra anos despois en *De catro a catro*. Diferente da posición da Xeración, o individuo en Manuel Antonio nutriuse da poética de Huidobro e da tradición anarquista. Polo tanto, trátase dunha figura que destaca pola súa insistencia na indeterminación histórica; un eu aberto que funciona como potencia e que se reafirma na súa práctica estética.

Sería inxusto considerar que houbo unha disputa ou mesmo un antagonismo aberto entre Manuel Antonio e a Xeración Nós con respecto á consideración do individualismo. No entanto, é difícil asocialos a unha mesma vontade moral e estética. Quizais a aportación máis importante deste texto é demostrar a complexa tensión en que permaneceron ambas posturas. Esta difícil relación non se expresou directamente, o que ocasionaría que na periodización da literatura se constrúsen dous grupos plenamente separados: a Xeración Nós e as vangardas galegas. Esta división, que, en moitos casos apenas presenta unha xustificación adecuada, non fixo máis que silenciar un debate apenas comentado sobre a idea do “nós” galego nos inicios do século. Polo tanto, procuramos demostrar os repetidos achegamentos e coincidencias, así como os principios irreconciliables entre ambas as dúas posturas. E, ante todo, pretendeuse expoñerse que “nós”, máis que unha categoría asociada a un grupo definido de intelectuais, foi un significante que se debateu entre dúas formas de entender o individuo e a práctica cultural.

Referencias bibliográficas

- Ahmed, Sara (2017). *La política cultural de las emociones*. México: Universidad Nacional Autónoma de México.
- Axeitos, Xosé Luís (1992). "Introducción: biografía e crítica". En Manuel Antonio, *Poesía galega completa*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.
- Axeitos, Xosé Luís (1997). "A recepción das vanguardas en Galicia", *Boletín Galego de Literatura*, 17, 7-55.
- Axeitos, Xosé Luís (2012). "Introdución". En Manuel Antonio, *Obra completa. Poesía*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Baliñas Fernández, Carlos (2000). "A ideoloxía da xeneración Nós", *Cuadernos De Estudios Gallegos*, 112, 303-24.
- Barthes, Roland (1994). *El susurro del lenguaje. Más allá de la palabra y de la escritura*. Barcelona: Paidós.
- Capelán, Antón (1994). *Contra a Casa de Troia*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Carvalho Calero, Ricardo (2019). *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Culler, Jonathan (2014). *Breve introducción a la teoría literaria*. España: Austral.
- Díaz Fernández, José (1928). "Acerca del arte nuevo", *El Pueblo Gallego*, 5-1, 9.
- Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (2003). *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Edicións da Nosa Terra.
- Fernández del Riego, Francisco. (1995). "O pasado e a novidade no noso país", *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, 1, 30-36.
- Ferruccio, Andolfi (1994). "Nietzsche y las paradojas del individualismo", *Taula: quaderns de pensament*, 21, 19-34.
- Foucault, Michel (2005). *El orden del discurso*. Buenos Aires: Tusquets.
- García Sabell, Domingo (1979). "Limiar". En *Correspondencia III*. Vigo: Galaxia.
- Habermas, Jürgen (1993). *El discurso filosófico de la modernidad*. Madrid: Taurus.
- Huidobro, Vicente (1926). *Vientos contrarios*. Santiago de Chile: Editorial Nascimento.
- Lorenzana, Salvador (1965). "A xeración "Nós" na cultura galega", *Grial*, 7, 75-86.
- Manuel Antonio (1979). *Correspondencia III*. Vigo: Galaxia.
- Manuel Antonio (1992). *Poesía galega completa*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.
- Manuel Antonio (2012a). "Máis alá!". En Manuel Antonio, *Obra completa. Prosa*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Manuel Antonio. (2012b). "[Notas sobre arte popular]". En Manuel Antonio, *Obra completa. Prosa*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Manuel Antonio (2012c). "O Estado". En Manuel Antonio, *Obra completa. Prosa*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Mejía Ruiz, Carmen (2000). "Manuel Antonio e a súa correspondencia", *Ianua. Revista Philologica Romanica*, 1, 73-79.

Pedrayo Otero, Ramón (1970). "No suco da revista Nós". En *Cincuentenario de Nós. Boletín mensual da cultura galega. Homenaxe da Real Academia Gallega (1920-1970)*, 46-47. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en https://biblioteca.galicianaglgal/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1298253 (Consultado en 24.11.2025).

Pérez Prieto, Victorino. (1988). *A Xeración "Nós". Galeguismo e relixión*. Vigo: Galaxia.

Primeiras verbas. 1920. *Nós: boletín mensual da cultura galega*, 1, 1-2.

Raña, Ramón (1994). "A poesía de Manuel-Antonio". En *De catro a catro e outros textos*. Vigo: Xerais.

Risco, Vicente (1933). "Nós, os inadaptados". *Nós: boletín mensual da cultura galega*, 115, 115-23.

Tarrío Varela, Anxo (1998). *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*. Vigo: Xerais.

Valverde Filgueira, Xosé (1970). "Nós naceu na Cruña". En *Cincuentenario de Nós. Boletín mensual da cultura galega. Homenaxe da Real Academia Gallega (1920-1970)*, 33, A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en https://biblioteca.galicianaglgal/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1298253 (Consultado en 24.11.2025).

Villares, Ramón (2007). *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*. Vigo: Galaxia.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade de Santiago de Compostela (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
Maria Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-San Julián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
Maria Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda